




O ROL DA PSIQUIATRIA

NA

OCUPACION DE PALESTINA

Unha comprensión crítica da
psiquiatría como un pilar do
sionismo, desmantelando os marcos
occidentais sobre saúde mental e
despatoloxizando a resistencia.

Notas des tradutores:

- Nesta publicación optamos por usar unha linguaxe inclusiva/neutra. Facémolo porque do mesmo xeito que rexeitamos as estruturas coloniais, tamén rexeitamos as súas categorías e normas de xénero, as cales, de feito, consideramos que foron utilizadas tamén pola psiquiatría e pola falsa “bioloxía” esencialista da orde patriarcal para borrar unha rica e potente historia de disidencia sexual e de xénero fóra do contexto cultural e civilizatorio de Occidente.
- Es autores orixinais do presente texto, que nós traducimos do inglés, como moitos outros activistas solidaries con Palestina, rexeitan o acrónimo IDF. Isto débese a que IDF significa Israeli Defense Forces ou Forzas de Defensa Israelís, pero lonxe de ser unha ferramenta defensiva, son o brazo executor dun proceso de colonización e xenocidio. Por iso, refírense a elas como IOF (Israeli Occupation Forces, Forzas de Ocupación Israelís). Na mesma liña, tamén rexeitan usar maiúsculas para todo o relacionado con israel e as súas institucións, como un intento de restarlle lexitimidade ou poder discursivo, e o mesmo fan con america. Ademais, optaron por usar maiúscula para a palabra “Discapacidade”, para reforzar o recoñecemento disto como unha identidade política. Por motivos obvios, decidimos respectar todo isto na nosa tradución.

Título orixinal: *Psychiatry's role in the occupation of Palestine*

Autores orixinais: *CPA · Campaign for Psych Abolition*

- <https://linktr.ee/cpabolition>
- Instagram: @cpabolition
- Twitter: @CPAbolition

Traduce e edita: *Distribuidora Anarquista Polaris*

- <https://distripolaris.noblogs.org>
- Instagram: @distripolaris
- distripolaris@riseup.net

Galiza, agosto 2024 · 10 meses de xenocidio e contando...

israel asasina, Europa patrocina.

Violencia é o silencio cómplice desta sociedade. Dende o río ata o mar, solidariedade incondicional coa resistencia armada do pobo palestino. Viva a revolta do 7 de outubro.

ÍNDICE DE CONTIDO

04 Introducción

05 Liña temporal e historia

09 Violencia psiquiátrica e médica en Palestina

11 Asasinar ou mutilar: Lisiado masivo de palestines por israel

13 Unha crítica ao marco occidental dos dereitos humanos

15 A linguaxe da saúde mental como unha arma

17 A auto-inmolación de Aaron Bushnell

22 Lazos israelís coas institucións psiquiátricas

24 Boicot a TEVA


26 O movemento abolicionista da psiquiatría chama á solidariedade incondicional coa resistencia palestina.

31 Glosario e aclaracións da linguaxe.

32 Consultas adicionais e Bibliografía

Aviso de Contido:

Ao longo desta publicación, hai escritos referentes a tortura, xenocidio, e violencia psiquiátrica e colonial. O capítulo “*Violencia psiquiátrica e médica en Palestina*” contén exemplos detallados de tortura. No capítulo “*Unha crítica ao marco occidental dos dereitos humanos*” hai unha mención específica á agresión sexual.



Introducción

A masacre de Deir Yassin é amplamente coñecida como unha advertencia da inminente Nakba de 1948, a limpeza étnica de palestines coa fin de crear un Estado sionista. Máis de 250 persoas foron brutalmente asasinadas e enterradas en foxas comúns, causando que milleiros de superviventes fuxisen das súas casas aterrorizadas polo que estaba por chegar. Neste lugar de violencia inimaxinable, es sionistas tomaron as únicas casas que non destruíran e convertéronas en instalacións psiquiátricas israelís. Existe unha analoxía máis poderosa para a relación entre o sionismo e a psiquiatría?

O rol da psiquiatría como axente do colonialismo segue a ser escurecido. A “autoridade científica” que declara que o pobo colonizado é infrahumano e necesita ser civilizado xogou un rol intrínseco no colonialismo de asentamentos ao longo do globo, incluíndo o proxecto sionista. Neste fanzine, queremos contextualizar a violencia psiquiátrica e médica que se usa para consolidar a ocupación israelí, e declarar de xeito explícito como abolicionistas da psiquiatría o noso apoio incondicional á resistencia palestina. Tamén é importante denunciar o aumento na cultura popular reaccionaria do “benestar”, que está alentando á xente no núcleo imperial a refuxiarnos na nosa covardía baixo a guía do “benestar mental”. Negámonos a permitir que esta narrativa psiquiátrica xeralizada corrompa e individualice as nosas loitas. Os nosos principios de xustiza disca e Orgullo Tolo non valen nada sen un fundamento no anti-imperialismo militante.

Se non oíches falar da abolición da psiquiatría antes e estás interesade en entender máis sobre isto, escribimos un fanzine repasando a historia da psiquiatría e da súa abolición na práctica, e desacreditando os mitos ideolóxicos máis comúns. Podes atopalo en: linktr.ee/cpabolition



Historia

Liña temporal da ocupación e a psiquiatría: A resistencia é patoloxizada.

1896 | “o Estado xudeu”

Theodor Herzl, fundador do Movemento Sionista, chama a “*restaurar o Estado xudeu*”.

1897 | Primer Congreso Sionista

Ten lugar en Basilea, Suíza, e nel fúndase a primeira organización sionista.

1917 | Declaración Balfour

O goberno británico respaldou o obxectivo sionista de establecer “*un fogar nacional para o pobo xudeu*” en Palestina, que pronto será ocupada polos británicos.

Este documento senta as bases para a limpeza étnica de Palestina, pavimentando o terreo para a creación dun Estado sionista.

1922–1947 | Mandato Británico

Tras a caída do Imperio Otomán, Palestina é posta baixo administración británica. O pretexto para a ocupación israelí. Gran Bretaña presta apoio (financiación e adestramento) ás milicias sionistas.

O primeiro psiquiátrico abre en Belén en 1922.

O legado colonial da psiquiatría en Palestina comeza neste período, xa que Gran Bretaña introduciu as prácticas psiquiátricas coercitivas para estudar a “mente indíxena” e as súas supostas deficiencias. A poboación palestina foi tratada como suxeitos coloniais individuais que debían ser estudados, tratados e “civilizados” polos súes colonizadores.

9 abr 1948 | Masacre de Deir Yassin

Máis de 250 persoas asasinadas por milicias sionistas, unha das atrocidades no período previo á Nakba. A difusión da nova da masacre significou que varios milleiros de persoas máis fuxiran das súas aldeas aterrorizadas.

Usando algunhas das vivendas abandonadas que non foran incendiadas ou voadas polos paramilitares fascistas, es colonos crearon logo un psiquiátrico en Deir Yassin chamado Centro de Saúde Mental Kfar Shaul.

15 may 1948 | A Nakba

al-Nakba ou a Catástrofe en árabe, refírese a un violento proceso de desprazamento e desposesión masivos de palestines dos seus fogares e terra ancestral, o que conlevou a limpeza étnica de Palestina.

750.000 palestines (dunha poboación de 1,9 millóns) foron expulsades das súas terras e convertídes en refuxiades. As forzas sionistas tomaron máis do 78% da Palestina histórica, levaron a cabo unha limpeza étnica e destruíron arredor de 530 pobos e cidades e asasinaron a máis de 15.000 palestines nunha serie de atrocidades, incluíndo máis de 70 masacres.

Esta foi a fin do Mandato Británico e o comezo de israel como un Estado xudeu independente.

1951 | Centro de Saúde Mental Kfar Shaul

O hospital psiquiátrico abre na Deir Yassin ocupada.

1967 | Guerra dos Seis Días

Tras a guerra rexional con Exipto, Xordania e Siria, israel ocupou os territorios palestinos restantes de Cisjordania, o leste de Xerusalén e a Franxa de Gaza. Coñecido como a *Naksa* (derrota), foi unha continuación da *Nakba*. israel agora controlaba a totalidade da Palestina histórica. 300,000 palestines foron expulsades dos seus fogares.

8 dic 1987 - 12 sep 1995 | Primeira Intifada

Un vehículo israelí provocou un accidente, matando a 4 palestinos en Gaza. Isto deu lugar a un levantamento espontáneo de palestines, que comezou no campo de refuxiades de Jabalia, en Gaza, e estendeuse a Cisjordania. Unha serie de manifestacións a gran escala, folgas e mobilizacións masivas estouraron nos territorios ocupados.

Xurdiron comités locais en pobos e cidades ao longo de Cisjordania e Gaza, coa fin de manter o apoio popular á intifada e proporcionar servizos sociais. A desobediencia civil, incluíndo folgas, boicot de produtos israelís e negativa a pagar os impostos de israel, espallouse e converteuse nunha dimensión adicional da resistencia masiva á ocupación israelí.

Segundo El-Sarraj, *“a Intifada ou o Levantamento Palestino que comezou en 1987 foi un proceso socialmente terapéutico, reemprazando a depresión e a desesperanza con orgullo e optimismo”*. Tras a primeira Intifada, *“as persoas con enfermidades mentais pasan a ser a poboación palestina no seu conxunto”*, nun intento de patologizar a resistencia e administrar o disenso.

13 sep 1993 | Sinatura dos Acordos de Oslo

O ex-primer ministro israelí Yitzhak Rabin e Yasser Arafat da Organización de Liberación Palestina (OLP), asinaron un trato para establecer un Estado palestino independente en Cisjordania e a Franxa de Gaza. Israel destruíu sistemáticamente calquera posibilidade disto a través da construción de asentamentos en Cisjordania.

2000–2005 | Segunda Intifada

Esta resistencia masiva foi detonada por unha visita de Ariel Sharon, daquela candidato a primeiro ministro israelí, á mezquita de Al-Aqsa. A súa visita foi unha provocación deliberada, dado que Sharon apoiara abertamente unha maior anexión sionista do leste de Xerusalén. Este levantamento tamén tivo lugar no contexto do fallido proceso de Oslo, e a frustración coa corrupta Autoridade Palestina (AP).

Israel adoptou unha resposta fortemente militarizada dende o principio, que conduciu a máis de 3000 palestines asasinados no período de 5 anos, así como á construción do muro de apartheid en Cisjordania.

2002 | Muro do apartheid

Israel constrúe un muro de separación de 708 kms (440 millas) ao longo de Cisjordania.

2007 | Israel bloquea a Franxa de Gaza por terra, mar e aire.

Unha serie de sancións foron aprobadas, incluíndo cortes de electricidade, peche de fronteiras e a restricción de movemento de bens entrando e saíndo de Gaza.

Coñecida como a prisión “a ceo aberto” máis grande do mundo, 2,3 millóns de persoas viven en 365 kilómetros cadrados (141 millas cadradas) de territorio. É unha das zonas máis densamente poboadas do mundo.

2018 - 2020 | A Gran Marcha del Retorno

As protestas involucraron a palestines de Gaza practicando o dereito ao

retorno marchando ata as fronteiras entre Gaza e israel.

Outra demanda central foi a fin do bloqueio a Gaza.

No primeiro ano, case 200 palestines foron asasinades, e case 30.000 ferides.

Es manifestantes foron deliberadamente lisiades por soldados das IOF.

may 2021 | Levantamento da Unidade

Iniciado pola violencia de colones durante Ramadán e a limpeza étnica de Sheikh Jarrah, un barrio palestino do leste de Xerusalén.

Estalou nun bombardeo a Gaza en maio de 2021, con ataques a infraestrutura, máis de 260 palestines asasinades e máis de 2000 ferides.

A resistencia conseguiu atravesar o Iron Dome (Cúpula de Ferro), o supostamente impenetrable sistema de defensa aérea israelí.

7 oct 2023 | Operación Inundación de Al-Aqsa



Violencia médica e psiquiátrica en Palestina

A medicina ten unha longa historia de usar a fisioloxía para promover a violencia contra pobos oprimidos que non son considerados “humanos”. Isto só continuou na era moderna, con tecnoloxías e recursos máis avanzados. Como vemos, o *establishment* médico non só colabora co réxime sionista, senón que tamén constitúe un pilar central do mesmo. O coñecemento médico do corpo é usado para informar e desenvolver técnicas de tortura máis brutais como medio para suprimir a resistencia e a existencia anti-coloniais.

• Proba de medicamentos experimentais

O ex prisioneiro Abdul Nasir Farawneh informou de que o Ministerio de Sanidade israelí está a dar permisos a compañías farmacéuticas israelís como Teva para probar os efectos descoñecidos de medicamentos experimentais sobre es preses palestines. En 1997 realizáronse 5.000 experimentos deste tipo con prisioneiros palestines, moitos des cales desenvolveron enfermidades descoñecidas ou pouco comúns, con consecuencias graves e ás veces mortais. O 45% des preses palestines das prisións de Nafaha, Raymond e Negev son sometidos a ensaios de medicamentos en grupo.

• Experimentación en prisioneiros palestines

As invencións psiquiátricas, como os alucinóxenos e a tortura con electroshock, son ferramentas frecuentes da persecución sionista. Cihad Yasmin describiu o seu tempo como refén do sionismo durante outubro de 2023 detallando a tortura con electroshock, sendo desnudado e rociado con substancias que atraían insectos, e a administración forzosa de pímulas inductoras de alucinacións. Yasmin documenta como segue a sufrir dores de cabeza e mareos debido ás pímulas e ás malleiras.

As restricións, a administración forzosa de drogas e a tortura con electroshock son métodos de violencia desenvolvidos polas institucións psiquiátricas e exportados a réximes coloniais. O seu obxectivo é exercer dominación e unha humillación extrema como un intento de crebar o espírito e a humanidade des oprimidos, e someterlles á pasividade. Non é ningunha sorpresa que as ferramentas da psiquiatría se teñan convertido nunha das armas coloniais máis utilizadas nos seus intentos de rematar coa resistencia.

• Roubo de órganos

Históricamente, israel negouse a devolver os corpos des mártires ás súas

familias. Un exemplo disto é Fares Baroud, que foi asasinado mentras estaba encarcerado nunha prisión israelí. Sospéitase que foi sometido a probas médicas experimentais e o seu corpo foi retido para evitar investigacións forenses. Segundo a Campaña Nacional pola Recuperación dos Corps dos Mártires, as autoridades da ocupación están retendo os cadáveres de polo menos 497 palestines en cemiterios e refrixeradoras, o que non inclúe os corpos dos mártires retidos en Gaza dende o comezo da agresión da ocupación. *“Este encarceramento post-mortem dos corpos foi entendido poles palestines como unha forma máis de criminalización alén da morte”*, di Randa May Wahbe, Rede Política de Al-Shabaka.

Os corpos mortos de palestines asasinados por israel son logo usados para a sustración de órganos, algo que foi confirmado ata 1990 polo propio estado israelí, existindo testemuñas de axentes médicos israelís de que isto ocorreu ata un período tan recente como 2015. Aliás, os corpos dos mártires detidos son empregados para investigacións nas facultades de medicina de universidades israelís, con estudantes colones practicando nos seus corpos.

Dende o 7 de outubro, es militares israelís roubaron ducias de corpos mortos do Hospital Indonesio e do Hospital de Al-Shifa, ambos no norte de Gaza, xunto a outros no sur. Profesionais médicos en Gaza documentaron o roubo de órganos destes corpos despois de que fosen ceibados por israel.

• **Uso do coñecemento médico**

Nun informe recente, revelouse que es médicos israelís e o seu coñecemento médico son unha arma útil para a ocupación cando interrogan prisioneiros palestines. Cando es médicos comprobán a saúde dunhe detido para ver se está “en condicións” de someterse a un interrogatorio, tamén aproveitan ese tempo para comprobar calquera punto débil físico ou psicolóxico, que despois comparten coes interrogadores das IOF para que poidan apuntar de forma específica. Ademais, es médicos da ocupación tamén encobren as lesións ao negarse a documentar as evidencias da brutalidade sobre o corpo dunhe prisioneiro.

A investigación médica tamén é compartida coes interrogadores da ocupación israelí para armarlles con técnicas de brutalidade específicas pensadas para causar sufrimento extremo aos detidos palestines deixando a mínima evidencia física.

“Nunha certa rexión, o doutor ás veces revélase a si mesmo como o máis sanguinario dos colonizadores... así que convértese no torturador que resulta ser médico” – Franz Fanon, falando sobre a Alxeria ocupada por Francia.

Asasinar ou mutilar: Lisiado masivo de palestines por israel

Dende que o estado de israel existe, incapacitou e mutilou rutinariamente palestines, adoptando unha política de “asasinar ou mutilar”. O sionismo asegura que a Discapacidade sempre estea presente na sociedade palestina, xa que es palestines son mutilados dun xeito único e desproporcionado polo estado de israel de moitas formas diferentes. En 2002, Jamal Fayed, un usuario de cadeira de rodas de 37 anos, morreu sepultado baixo os cascallos da súa propia casa, ás mans dun operario de escavadora das IOF executando a demolición da vivenda. En 2020, Eyad al-Halaq, un home palestino autista de 32 anos, foi asasinado a tiros pola policía israelí mentres ía camiño da escola. As IOF disparan intencionadamente aos palestines nas pernas para amputalas. O bloqueo israelí de Gaza, un acto calculado de guerra económica co fin de obstruír o fluxo de recursos e traballo, significou a incapacitación en masa des gazatís a través da inanición sistemática.

• Iniciativas de “inclusión” das IOF para lisiar palestines

Con todo, a pesar dos claros exemplos das súas accións intencionadas de debilitación masiva, israel continúa sendo celebrado polos países imperialistas polos seus *“esforzos para unha maior xustiza para as Persoas con Discapacidade”*.

Ao mesmo tempo que académicos occidentais aplaudían a israel e chamaban *“faro”* dos servizos médicos por implementar vacinas de reforzo durante a COVID-19, bombardeaban a única clínica de COVID en Gaza e bloqueaban deliberadamente as entregas de vacinas antes de finalmente administrar doses caducadas aos palestines. Mentres eran eloxiados por proporcionar vivendas a colonos israelís Discapacitados, as IOF estaban profanando os fogares e as vidas des palestines. Co pretexto de “integrar” ás persoas israelís Discapacitadas, establecéronse plans para simplificalas en roles voluntarios nas IOF, así como a creación da “ala especial” das IOF para persoas autistas. O Movemento Disca debe opoñerse a este marco de “inclusión” que simplemente incorpora a máis colonos á maquinaria de ocupación.

En Palestina todo o mundo é Discapacidade pola ocupación, os bloqueos, os bombardeos e a brutalidade das IOF. israel baséase nestes marcos liberais de Discapacidade para escurecer e efectuar a incapacitación intencional de poboacións

enteiras de palestines a mans da ocupación. Como movemento Discapacitado, sostemos unha firme comprensión teórica de que é a sociedade a que nos discapacita, non as nosas deficiencias. A incapacitación activa e continua que es palestines afrontan só se deterá coa destrución do estado israelí.

israel preséntase ante o mundo como a “alternativa progresista” a un Oriente Medio que doutro xeito sería “retrógrado” e como un fervente defensor das persoas Discapacitadas. A verdade é que a calculada política israelí de lisiado masivo é integral á súa viabilidade como colonia e ao mantemento da súa ocupación de terras palestinas.



Unha crítica ao marco occidental dos Dereitos Humanos

As organizacións da Psiquiatría e os Dereitos Humanos funcionan seguindo liñas semellantes, cunha aparencia de autoridades neutrais, benevolentes e despolitizadas que traballan para acougar o “trauma” e o “sufrimento” dos palestines. En realidade, ambas son estruturas occidentais profundamente políticas, que traballan xuntas para controlar e manter o poder sobre poboacións colonizadas, retendo aos palestines nun continuo estado de “victimismo”.

• Definindo o marco dos dereitos humanos

Os “dereitos humanos” tal e como os coñecemos hoxe foron desenvolvidos tras a Segunda Guerra Mundial, en gran medida por parte de Estados occidentais coas súas axendas imperialistas en mente. Foron creados para ser maleables e satisfacer os intereses deses Estados cando fose necesario. Con frecuencia, son utilizados para xustificar ante a súa cidadanía a intervención occidental en calquera lugar, mentres avanzan as súas axendas no estranxeiro. Por tanto, deberíamos ser críticos de maneira instantánea ante as políticas de “cabalo de Troia” promulgadas baixo a bandeira dos “dereitos humanos”.

• A quen se lle otorga a condición humana?

O establecemento da “**Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán**” tras a Revolución Francesa en 1789 descobre a hipocrisía das concepcións occidentais dos “Dereitos Humanos”: Mentres predicaba os seus ideais de “*Liberdade, Igualdade e Fraternidade*” para todes, Francia mantiña o seu dominio colonial na colonia francesa de Saint Domingue (Haití nos nosos días). Os dereitos eran concedidos aos cidadáns franceses na metrópole pero non ás persoas ás que tiñan escravizadas nas colonias. Os dereitos humanos ofrécense só a aqueles que son considerades humanes, unha categoría da que os pobos colonizados son excluídos.

A liberación do pobo en Haití non foi un agasallo dos franceses pola bondade dos seus corazóns; foi tomada por asalto poles haitianos durante a Revolución Haitiana entre 1794 e 1801, unha insurrección de xente escravizada ceibándose por conta propia e declarando un Haití independente.

Este marco colonial dos dereitos humanos está intrinsecamente ligado á institución psiquiátrica, é a psiquiatría a que sempre foi usada para determinar quen e que é

quen e que é “humano” e quen precisa “ser civilizado”. Na nosa era moderna, tanto es psiquiatras como es axentes humanitarios caracterizan aos palestines como “vítimas” que precisan ser “rescatadas” ou “reparadas”. A caracterización da vítima palestina é intencionadamente deshumanizante, arrebatando a propósito aos palestines calquera axencia ou suxeito.

• As narrativas occidentais do “trauma” en Palestina

Baixo o Mandato Británico na década dos anos ‘20, a psiquiatría foi exportada a Palestina, coes palestines estudades e tratades como suxeitos coloniais; cos “supostos déficits” das súas “Mentes Indíxenas” que precisaban ser “civilizadas” polos colonizadores de Gran Bretaña. Non sorprende, entón, que a psiquiatría occidental non aborde nin poida abordar a realidade colonial estrutural que es palestines están experimentando. A comprensión e as concepcións occidentais da saúde mental non son aplicables en Gaza. A psiquiatría tenta individualizar un problema sistémico, exportando marcos diagnósticos e medicalización á poboación palestina baixo ocupación.

A Dra. Samah Jabr critica os discursos occidentais arredor do “trauma”, argumentando que o “TEPT” non funciona en Palestina, xa que é un suceso en marcha constante. Afirmar: *“en Gaza non existe o TEPT. É cronicamente traumática. O trauma é constante e implacable”*. A psiquiatría occidental describe o “trauma” como un evento singular, relacionado coa violencia do pasado ou cun evento trágico específico sobre unha “vítima” individual. Isto non pode aplicarse ao caso de Palestina: unha poboación desprazada e desposuída vivindo baixo ocupación militar e a penetrante e continua violencia do colonialismo de asentamentos que trae consigo. Isto non é algo que poida ser “curado” por profesionais, xa que non se sitúa nun evento pasado, senón que é unha realidade persistente e cotiá: a *Nakba* nunca rematou. Os intentos de usar un marco occidental de saúde mental para entender esta violencia en curso fracasan completamente, desarraigando e despois deshistorizando as condicións que a xeraron.

Ademais, o propio TEPT en si mesmo foi un diagnóstico creado a raíz da invasión estadounidense de Vietnam, en referencia ao “trauma” que os soldados estadounidenses experimentaban tras levar a cabo a matanza, violación e bombardeo de aldeas vietnamitas. Un diagnóstico creado á imaxe dos soldados imperialistas xamais poderá explicar nin facer xustiza ás experiencias das vítimas deses mesmos axentes.

Ao mistificar as raíces sistémicas da violencia en Palestina e noutros lugares, a psiquiatría é unha mera distracción da única cura para o mal do colonialismo: a fin da ocupación.

Convertindo a linguaxe da saúde mental nun arma.

Mentres o xenocidio de palestines escala, o propósito cru, racista e colonial das narrativas individualistas sobre a saúde mental foi revelado. Mentres a xente está protestando nas rúas, facendo piquetes en fábricas de armas e emprendendo a acción directa contra a maquinaria de guerra sionista, outres escúdanse nos seus diagnósticos para xustificar o seu silencio.

Ten sentido que estes marcos patoloxizantes sexan invencións coloniais, xa que converteronse en escusas útiles para a xente que se nega a condenar o xenocidio con financiamento occidental que se está desenvolvendo ante os nosos ollos. A psiquiatría e os marcos de diagnóstico neoliberais dan á xente en Occidente unha escusa para afirmar que non temos control sobre a nosa apatía, mentres os nosos impostos pagan outra masacre. Non é o teu diagnóstico nin a túa enfermidade mental o que fai que non poidas falar sobre Palestina, é a túa lealdade á riqueza e o confort coloniais.

Xunto a isto, es terapeutas e profesionais da saúde mental usan a linguaxe psiquiátrica para neutralizar e eclipsar as condicións do colonialismo de asentamento, co seu estatus como “profesionais” que estudaron neurociencia situándolles como a autoridade obxectiva e educada. Un artigo de Forbes escrito en novembro de 2023 e titulado **“A Psychologist Gives 5 Tips To Escape The Israel-Palestinian Echo Chamber”** (Un psicólogo dá 5 consellos para escapar da cámara de eco de Israel-Palestina) usa unha linguaxe pseudo-médica como *“sesgo de confirmación”, “escoita activa” e “o atractivo emocional do contexto viral”* para sanitizar as masacres documentadas que chegan de Gaza. Es profesionais da saúde mental estánnos dicindo que non deberíamos conmovernos, enfurecernos nin actuar polas imaxes de fogares devastados, crianzas orfas e pais de loito. Quen se atrevería a cuestionar ao profesional educado?

A transformación do vocabulario da saúde mental nun arma en relación con Palestina non é nova. Durante os últimos anos, a linguaxe do trauma e do conflito foi usada para equiparar as condicións des palestines baixo ocupación coas des súes opresores. Un estudo conducido en 2021 observou e comparou o consumo de psicodélicos por parte de palestines e de colonos israelís, afirmando que poderían *“curar conflitos de longa duración”*. Este é outro resultado dun complexo de benestar despolitizado e alleo ás condicións materiais. No estudo, descríbese como despois de que un home palestino tomase o psicodélico, sentíase no corpo dun soldado das IOF e sentía empatía polo soldado que tiña que asasinar á xente. O israelí, ex-membro dunha unidade especial das IOF, falaba sobre estar na pel dunha familia

Palestina, cuxa casa el allanara. Os estudos como este actúan como unha cobertura para a violencia da ocupación, igualando as condicións dos colonizadores coas da xente colonizada. Conclúe que estes “conflitos” están “*arraigados no trauma*”, que é a causa pola que non foron resoltos, colocando a culpa aos pés dos despoñuídes da súa terra, familia e fogar. A súa solución radica nos psicodélicos, axudando á xente a “*deixar ir o trauma*”, mentres as condicións que causan dito trauma son lexitimadas e escaladas polas institucións psiquiátricas.



A auto-inmolación de Aaron Bushnell

“Isto é o que a nosa clase gobernante decidiu que sexa o normal” - Aaron Bushnell, 2024

O 25 de febreiro de 2024, Aaron Bushnell, de 25 anos, levando uniforme militar, camiñou cara á embaixada de Israel no territorio que chaman Washington. Nunha retransmisión en directo en Twitch, antes de rociarse con líquido inflamable e prenderse lume, dixo á cámara:

“Son un membro activo da Forza Aérea dos Estados Unidos, e non vou seguir sendo cómplice do xenocidio. Estou a piques de implicarme nun acto de protesta extremo, pero comparado co que a xente leva experimentando en Palestina a mans dos seus colonizadores non é extremo en absoluto. Isto é o que a nosa clase dominante decidiu que sexa o normal.”

Envolto en chamas, Bushnell berra *“PALESTINA LIBRE, PALESTINA LIBRE, PALESTINA LIBRE”* ata colapsar.

A Fronte Popular para a Liberación de Palestina (PFLP) nomeou a morte de Bushnell como *“o máis alto sacrificio e medalla, e a mensaxe máis importante e conmovedora dirixida á administración americana”*. Hamas declarou que Bushnell *“permanecerá inmortal na memoria do noso pobo palestino e da xente libre do mundo, e como un símbolo do espírito de solidariedade global co noso pobo e coa nosa causa”*.

A resposta tanto da resistencia como da sociedade palestina en xeral é a do martirio, o máis alto acto de solidariedade internacionalista. En forte contraste, Belén Fernández explora a resposta dos medios occidentais no seu artigo en Al Jazeera *“Suicide Vs Genocide: Rest in Power Aaron Bushnell”* (Suicidio VS Xenocidio: Descansa En Forza, Aaron Bushnell). Belén Fernández escribe, sobre o titular publicado polo New York Times *“Man Dies After Setting Himself on Fire Outside Israeli Embassy in Washington, Police Say”* (Home morre tras prenderse lume a si mesmo no exterior da embaixada israelí en Washington, di a policía) e que ao final do artigo incluía a nota *“Se vostede ou alguén que coñece pode estar experimentando unha crise de saúde mental ou contemplando o suicidio, chame ou envíe unha mensaxe de texto ao 988”*, que *“isto implica que Bushnell foi simplemente a vítima dunha ‘crise de saúde mental’ máis que alguén facendo unha declaración política moi convincente e desafiante en resposta a unha situación política altamente perturbadora (...) Xa que para a narrativa oficial, se cres que é unha tolemia que Israel ou o seu socio criminal Estados Unidos cometen xenocidio, daquela o tolo es ti”*.

A apatía e a hiperindividualidade de Occidente non poden comprender a solidariedade, e especialmente non poden comprender a solidariedade internacional, e por iso esta solidariedade é descartada como unha patoloxía individual. Nalgún lugar aí fóra, na distancia, bombas de fabricación americana choven sobre Palestina, pero en América a vida continúa.

Á clase dominante interésalle posicionar a Bushnell como un caso atípico, para descontextualizar, deslexitimar e desposuír violentamente a morte de Bushnell da súa longa e poderosa historia política. Dende Mohamed Bouazizi, o tendeiro tunecino cuxa autoinmolación prendeu a Primavera Árabe, ata o vasco Joseba Elozegi que se autoinmolou fronte a Francisco Franco berrando *“¡quería traer o lume de Guernika a Franco!”* ou, na mesma liña, os 7 norteamericanos que se autoinmolaron en protesta pola participación de EEUU na guerra de Vietnam. Bushnell non necesitaba unha intervención do sistema de saúde mental, nin tampouco chamar a unha liña de axuda telefónica ao final dun artigo demasiado asustado como para usar a palabra xenocidio. O que Bushnell necesitaba era un fin inmediato á ocupación, para *“non seguir sendo cómplice no xenocidio”*. Na súa declaración sobre a autoinmolación de Bushnell, Hamas rendeu tributo a outra mártir occidental, Rachel Corrie. En 2003, a activista americana Rachel Corrie morreu esmagada por unha excavadora israelí mentres defendía fogares palestinos da demolición.

Nun correo dirixido á súa nai, Corrie escribiu: *“Isto ten que parar. Creo que unha boa idea é que o deixemos todo e encomendemos as nosas vidas a facer que pare. Xa non creo que sexa algo extremista. Realmente, aínda teño moitas ganas de bailar con Pat Benatar, ter mozos e facer cómics para es miñes compañeiros de traballo. Pero tamén quero que isto remate (...) Isto non é o que quixen dicir cando mirei ao lago Capital Lake e dixen: “Este é o ancho mundo e vou chegar a el”. Non quixen dicir que viría a un mundo onde podería vivir unha vida cómoda e, posiblemente, sen ningún esforzo, levar unha existencia totalmente allea á miña participación no xenocidio. Máis explosións grandes, nalgún lugar, na distancia, alí fóra”*.







Lazos israelís con institucións psiquiátricas

A psiquiatría e o colonialismo de asentamentos beneficiáanse mutuamente da súa existencia. A psiquiatría é usada para fabricar e corroborar o “trauma” colono, que logo é reenvasado nun intento de forzarnos a humanizar e empatizar con opresores violentos. Un exemplo disto é Get Help, unha asociación israelí de profesionais da saúde mental que ofrece terapia subsidiada para soldados das IOF.

• BetterHelp

BetterHelp é unha empresa de terapia fundada por dous colonos israelís, que serviron nas IOF. Unha muller palestina no exilio falou de como buscou axuda tras o illamento extremo e o racismo que estivo experimentando durante o xenocidio en curso. *BetterHelp* púxo a en contacto cun terapeuta que era un colono israelí. Dada a orixe de *BetterHelp*, é xusto supoñer que este non foi un emparellamento algorítmico, senón unha medida intencionada. Tras o 7 de outubro,



BetterHelp asociouse co goberno israelí para ofrecer 6 meses de terapia gratuíta aos colonos afectados pola guerra en Israel. Nos últimos anos, *BetterHelp* tamén foi multada con 7,8 millóns de dólares por vender datos privados da xente a empresas como Facebook ou Snapchat.

• Lazos financeiros da psiquiatría británica con Israel

O Museo da Mente Bethlem está situado nos terreos do psiquiátrico máis vello do mundo, o *Bethlem Royal Hospital* en Beckenham, Londres, e está dedicado á súa historia. O museo ten na lista dos seus apoios económicos á Fundación Wolfson, fundada en 1958 polo sionista Isaac Wolfson. Como declaran no seu vídeo promocional, “*Israel, unha historia de éxito na ciencia e a investigación médica, débelle moitos dos seus principais establecementos, proxectos e avances a tres xeracións de liderado da familia Wolfson*”. Ademais do Bethlem, a Fundación Wolfson tamén financia a organización colonial Fundación Jerusalem. En 1968, a subvención da Fundación Wolfson á Fundación Jerusalem axudou a construír o Parque Wolfson, de 15 hectáreas, en terras palestinas ocupadas.

O Bethlem recibe unha financiación tan grande da Fundación Wolfson que ten unha sala nomeada no seu honor, a Sala Wolfson. Outro homónimo de Wolfson é o Centro Wolfson para a Saúde Mental des Xóvenes, na Universidade de Cardiff.

South London and Maudsley (SLaM) é o fideicomiso do NHS (National Health Service ou Servizo Nacional de Saúde, sistema británico de saúde pública) ao que pertence o Bethlem, e o maior fideicomiso de saúde mental no Reino Unido. SLaM ten unha asociación duradeira co King's College de Londres (KCL). Actualmente, hai en marcha unha campaña para que o KCL corte a súa asociación con Technion, “unha institución israelí líder na investigación e desenvolvemento para o comercio israelí de armas, mantendo tamén lazos con industrias aeroespaciais israelís como Rafael e Elbit Systems.”

• Declaracións sobre o 7 de outubro

A IPA (*International Psychoanalytic Association*, Asociación Psicoanalítica Internacional) publicou un comunicado condenando o ataque de Hamas, pero segue sen condenar o xenocidio israelí en Gaza. Nunha nota de prensa, o presidente da IPA referiuse aos palestines asasinados como “*palestines non-terroristas*”, insinuando que es palestines serían terroristas por defecto, e que as mortes daqueles que caeron resistindo non deberían ser lamentadas. A neutralidade clínica e a determinación des terapeutas por manterse imparciais reflicten a débil resposta (liberal no mellor dos casos) ao xenocidio en marcha. De maneira similar, a APA (*American Psychiatric Association*, Asociación de Psiquiatría Americana) tamén se referiu ao 7 de outubro como un “*atentado terrorista*” contra “*civís inocentes*”. Décadas de ocupación militar e derramamento de sangue son borradas neste comunicado; aos colonos bailando en terra roubada prémiaselles coa inocencia, mentres es combatentes da resistencia son etiquetados como terroristas.

Boicot a Teva

• Que é Teva?

Teva é unha empresa farmacéutica fundada en 1901 por colonos europeos sionistas e establecida en 1935. A súa sede está situada no asentamento de Petah Tikvah, que foi construído sobre as ruínas de Mulabbas, pobo palestino desprazado e arrasado ata os cimentos por colonos sionistas en 1891.

Teva é un dos maiores provedores de medicamentos xenéricos do mundo. En 2023, Teva pagou ao goberno israelí 565 millóns de dólares en impostos, financiando directamente á IOF, ademais de proporcionarlles subministros médicos e doazóns.

Teva benefíciase directamente do apartheid e da construción de asentamentos en terras palestinas roubadas, ao ser o único proveedor do mercado farmacéutico palestino en Cisjordania e Gaza.

• Apartheid médico

Debido ao bloqueo israelí da Franxa de Gaza, impídese a entrada de produtos farmacéuticos necesarios para fabricar medicinas, de modo que Teva manteña o monopolio sobre un mercado cativo (e desproporcionadamente desactivado).

O monopolio de Teva sobre a industria farmacéutica significa que teñen o poder de restrinxir o acceso dos palestines a medicamentos que poderían salvar e preservar vidas.

En Cisjordania, os produtos farmacéuticos reciben fortes impostos do goberno israelí, obrigando aos palestines a depender dos prezos inflados dos produtos de Teva, maximizando os seus beneficios e limitando a capacidade dos palestines de elaborar as súas propias medicinas. Ademais, Teva non está obrigada por lei a traducir as etiquetas de seguridade dos seus produtos ao árabe.

No leste ocupado de Xerusalén, Israel prohíbe a distribución de produtos farmacéuticos palestinos a hospitais e farmacias, e négase a subministrar vacinas nas escolas administradas por palestines.

• O núcleo imperial (EE.UU e Reino Unido)

Teva enfrentou problemas legais debido á súa política de fixación de prezos, inflando o prezo de 86 fármacos ata un 1000%, provocando escasez dun medicamento usado para tratar o cancro infantil. A través da sobreprescripción e a publicidade sen ética tamén xogaron un papel no agravamento da crise dos opioides en Estados

Unidos.

En Reino Unido, Teva subministra máis medicinas ao NHS que calquer outro fabricante farmacéutico, cun 15% do total dos paquetes de medicinas en Reino Unido provindo desa marca (co que existe unha alta probabilidade de que as medicinas psiquiátricas que te obrigaron a tomar mentras estabas internade fosen subministradas por Teva!).

Que podes facer ti?

Boicot | Teva está na lista de boicot da BDS. Di NON aos medicamentos del apartheid bañados en sangue palestino!

Piquetes | Presiona a Teva para que peche as súas fábricas uníndote ou organizando piquetes nalgunha das súas 5 localizacións en Inglaterra e Irlanda (ou onde estés).

Presión a farmacias | Contacta coas túas farmacias locais e anímalles a non vender produtos de Teva. Podes atopar unha plantilla de e-mail no Linktree de *Youth Front For Palestine*, en linktr.ee/y.f.f.p, ou irr porta por porta nas farmacias da túa zona.

Dilles a todes que se sumen tamén a isto | Comparte a información sobre como Teva se beneficia do xenocidio e a ocupación, e anima ás túas redes a emprender accións a través de boicot e peches de presión.



O movemento pola abolición da psiquiatría chama á solidariedade incondicional coa resistencia palestina

“Ningún no mundo, ningún na historia, conseguiu xamais a súa liberdade apelando ao sentido moral dos seus opresores” - Assata Shakur

• israel e o sionismo son inherentemente violentos

Moitos comentaristas queren facernos crer que israel é un Estado lexítimo que aínda ten capacidade de redimirse, unha capacidade empañada por actores belixerantes e gobernos dereitistas que serían unha excepción á regra, e non a regra en si mesma. Isto é unha maneira fundamentalmente incorrecta de entender a israel, pois conceptualizalo coma se algunha vez fose algo máis ca un colonizador violento é un erro: cada faceta dunha sociedade colonizadora baséase no borrado xenocida da súa poboación nativa. Desde o principio - o momento no que o colonizador comeza a súa conquista - nacen os papeis de opresor e oprimidos, unha relación caracterizada completamente pola violencia. En 1948, a *Nakba* viu a polo menos 750.000 palestines expulsades da súa terra e máis do 78% da Palestina histórica sufrindo unha limpeza étnica e sendo destruída nunha serie de masacres.

Dende a súa concepción, a violencia foi, segue sendo e pola súa natureza sempre debe ser unha característica esencial do Estado xenocida, dando lugar á natureza irreconciliable da relación entre opresores e oprimidos. A violencia colonial é exercida física, cultural e psicolóxicamente, desposuíndo aos seus suxeitos da súa humanidade, axencia e subxectividade.

• A violencia colonial necesita resistencia decolonial

A resistencia armada é unha resposta natural e inevitable á natureza inherentemente violenta do colonialismo. Fanon di que *“o home colonizado atopa a súa liberdade en, e a través, da violencia”*, afirmando que para dismantelar estruturas coloniais, derrocar ao colonizador e obter a liberdade, o colonizado debe usar a violencia. Para un pobo colonizado, a descolonización é un acto completamente humanizante que restaura a súa axencia, dignidade e territorio. Trae consigo un final para a relación de opresión que existía, pechando o ciclo da violencia que empezou cando o colonizador chegou: saqueo, espolio e masacre da terra e a súa xente.

É importante aclarar que a violencia específica da decolonización difire

profundamente da violencia inherente ao colonialismo e aos colonizadores. Israel - unha superpotencia nuclear e forza ocupante sen lexitimidade - usará a violencia sen sentido e incesante sen ningunha meta real en mente, bombardeando escolas, hospitais, terreo agrícola, espazos culturais e vivendas. Para os palestinos, pobo indíxena desprazado e sen Estado, a violencia é usada, máis ben, como un medio para alcanzar un fin, levado a cabo por necesidade e que nace da violencia que lles inflíxen os seus opresores.

A violencia dos oprimidos non carece de sentido nin de obxectivo, senón que está dirixida cara a unha tarefa máis grande: a emancipación, rematando co ciclo de violencia iniciado polo seu opresor. Os oprimidos buscan ceibarse das estruturas coloniais opresivas baixo as que viviron e construír unha nova realidade na que sexan libres da dominación e da violencia coloniais. Israel está tentando borrar por completo a vida palestina, os palestinos simplemente están a responder a este borrado xenocida coa única linguaxe que Israel comprende: a violencia. As dúas formas de violencia son de naturezas salvaxemente diferentes, e suxerir que son equiparables é un erro.

• O marco do terror como fábrica de consentimento para o xenocidio

Os palestinos son frecuentemente etiquetados como “terroristas” polo acto de resistir contra os seus ocupantes. A noción de terrorismo non ten unha lectura neutral, pois escurece calquera contexto político ou histórico. A conceptualización do “terrorista” é intencionadamente deshumanizadora, evocando unha imaxe totalizadora e cómicamente malvada da resistencia palestina, coma se existise só para levar a cabo unha destrución sen sentido, unha proxección dos comportamentos e accións do colonizador. “Terrorista” é a forma que adopta nos nosos días o tropo de “salvaxe” usado na era do colonialismo tradicional, fabricado coa axuda da psiquiatría. O marco do terrorismo busca mobilizar ao mundo occidental en apoio a actos extremos de violencia colonial.



Shadia Abu Ghazalah

O mesmo Nelson Mandela que agora é reverenciado en todo o mundo como un loitador pola liberdade foi unha vez considerado un terrorista e encarcerado durante 27 anos por resistir ao apartheid sudafricano. A ambigüidade da posición sobre Mandela foi clara no seu funeral, coa garda de honor compuesta composta por representantes dos movementos revolucionarios de Alxeria, Palestina, Mozambique, Sáhara Occidental, Irlanda e o País Vasco, pero cunha galería onde tamén se atopaban diplomáticos oficiais, políticos e empresaries dende Richard Branson ata Barack Obama. Mandela era un terrorista para todos eles.

En palabras de Rachel Corrie:

“Se calquera de nós vise a súa vida e benestar completamente estrangulados, vivise coas súas crianzas nun lugar que se afunde e no que soubese, por experiencias anteriores, que os soldados, os tanques e as escavadoras poderían vir por nós en calquera momento e destruír todos os invernadoiros que estivemos cultivando durante tanto tempo, e isto sucedese mentres algunhes de nós somos golpeados e mantidos cautivos con outras 149 persoas durante varias horas, non cres que tentaríamos usar algún medio violento para protexer os fragmentos que quedasen? Penso nisto especialmente cando vexo hortas, invernadoiros e árbores froiteiras, anos de coidado e cultivo, destruídos. Penso en ti e en canto tempo leva facer que as cousas medren e que labor de amor é. Realmente creo que, nunha situación similar, a maioría das persoas defenderíanse o mellor que puidesen. Creo que o tío Craig faríao. Creo que probablemente a avoa faríao. Creo que eu tamén o faría.”



Manifestación en Beirut (Líbano) das milicias femininas do Frente Democrático Popular pola Liberación de Palestina, 1 de xaneiro de 1979.

• O dereito a resistir

Tras o 7 de outubro, israel comezou inmediatamente a propagar historias (que foron totalmente desmentidas) sobre bebés decapitados, adolescentes masacrades e violacións en masa. Estas narrativas falsas eran o pretexto para iniciar un xenocidio en Gaza, e tras 9 meses, 35.000* palestines foron martirizadas. Se repetimos os mesmos tropos racistas empuñados polo sionismo, estamos a fabricar consentimento para o xenocidio en Palestina.

Es palestines teñen un dereito inexorable a resistir a desposesión, a colonización e o xenocidio continuo e multixeneracional do seu pobo e a perseguir a liberación nacional por calquera medio necesario, incluíndo a loita armada.

Este proceso é coñecido como descolonización, onde un pobo colonizado gaña a súa independencia e libérase do dominio colonial a través do desmantelamento das estruturas coloniais e do derrocamento e deposición do seu colonizador.

A descolonización é un evento histórico tanxible que frutificará con ou sen o escrutinio moralista e paternalista dos ollos de Occidente. Aqueles de nós que non estamos a vivir baixo ocupación militar, senón no corazón do Imperio, nunca temos que ditar como es palestines libran a súa loita anticolonial. O noso apoio a Palestina só pode ser unha cousa: incondicional, e nada máis.

*** Nota de Tradución:** Esta cifra de 35.000 vítimas foi proporcionada polo Ministerio de Saúde de Gaza a comezos de 2024; non obstante, a destrución total dos hospitais e morgues de Gaza a mans de israel impide dende hai meses un reconto veraz das vítimas. Ademais, esa cifra limitase aes asasinades nos bombardeos, pero non conta a todas as persoas mortas por enfermidades derivadas do verquido de augas fecais debido á devastación da infraestrutura séptica e do sistema de sumidoiros, nin a todas as persoas que falecen por fame ou sede, ou que desapareceron baixo os escombros. Un informe recente publicado na revista *The Lancet* estima que a cifra de vítimas do xenocidio podería superar as 180.000: <https://www.diario.red/articulo/internacional/articulo-prestigiosa-revista-the-lancet-estima-mas-180000-muertos-totales-debidos-genocidio-israeli-gaza/20240708134720032473.html>





Glosario

Boicot | É unha táctica política para presionar ás empresas e negocios mediante o rexeitamento a mercar os seus produtos. Un boicot organizado e colectivo pode dañar os beneficios das compañías, o que pode conducilas a ceder ás nosas demandas.

Desposesión | O acto de privar a alguén da súa terra, propiedade e posesións.

Limpeza étnica | Describe o asasinato e desterro en masa dun grupo étnico por outro.

Ideoloxía | Sistema de crenzas, conxunto de ideais políticos.

israel | israel é unha colonia de asentamentos, supremacista branca, que existe para extraer recursos, colonizar terras e adquirir novas reservas de man de obra barata de Palestina e das rexións veciñas. Tamén serve como un posto avanzado occidental na rexión do Levante, avanzando os intereses do mundo occidental imperialista. Busca erradicar á poboación nativa palestina.

Metrópole | A patria e o territorio central, ou o Estado que exerce poder sobre un imperio colonial.

Ocupación | Isto refírese a como israel roubou terras palestinas, e está actualmente tomando máis territorio mediante a forza militar violenta.

Outrificar | Ver ou tratar a unha persoa ou a un pobo como “o outro”, esencialmente inferior e alleo a unhe mesmo.

Fisioloxía | O estudo de como funciona o corpo humano.

Asentamentos | Refírese ás áreas de terra palestina en Cisjordania que es israelís ocuparon, construíndo casas dende a Guerra dos Seis Días durante 1967. Son habitados exclusivamente por colonos israelís xudíes.

Colonialismo de asentamentos | Un sistema de poder que conleva apropiarse e ocupar terras, co obxectivo de remprazar e desprazar aos pobos indíxenas. É unha forma distinta de colonialismo.

Supremacía branca | A crenza de que a raza branca é “superior” e debería por tanto dominar a sociedade. Constitúe gran parte da ideoloxía colonial e xustificou a escravitude, o colonialismo e os sistemas de opresión que vemos hoy.

Sionismo | A teoría e movemento político que apoia a creación dun etno-Estado xudeu en Palestina. A ideoloxía fundadora do Estado de israel.

Descolonización | Un evento tanxible onde un pobo colonizado, a través da loita armada, céibase das estruturas e a violencia do poder colonial baixo as que viviron un día, restaurando a dignidade, axencia e humanidade dun pobo.

• Aclaracións da linguaxe

- A decisión de non poñer maiúsculas en “israel” e nas seccións do seu “goberno” (como o ministerio de saúde israelí) é parte do noso rexeitamento a recoñecer o dereito de israel a existir.
- “america” tampouco leva maiúsculas porque tamén é un proxecto colonial de asentamentos.
- Referímonos ás chamadas “forzas de defensa israelís” (IDF) como “forzas de ocupación israelís” (IOF).
- Discapacidade leva maiúscula como resultado da nosa comprensión da discapacidade como unha identidade política. O modelo social de discapacidade recoñece que non son as nosas “deficiencias” o que nos discapacita, senón a sociedade.

■ Consultas adicionais

HISTORIA

- www.makan.org.uk/historical_overview/
- www.decolonizepalestine.com/

TEORIA POLÍTICA/ANTI-COLONIAL

Principiantes:

- El Inalienable Derecho a Resistir de los Palestinos – *Louis Allday, Ebb Magazine*
- El Antisionismo como Descolonización – *Leila Shomali y Lara Kilani, Ebb Magazine*
- Colonos judíos robaron mi casa. No es mi culpa que sean judíos – *Mohammed El-Kurd*
- Electoral Politics will not Liberate Palestine – *Jisr Collective*

Avanzado:

- Los Condenados de la Tierra – *Frantz Fanon* (altamente recomendado)
- Pedagogía del Oprimido – *Paulo Freire*
- Cien Años de Colonialismo y Resistencia – *Rashid Khalidi*
- El imperialismo, fase superior del capitalismo – *Vladimir I. Lenin*
- Letters to Palestine – *Verso Books*
- My Father was a Freedom Fighter – *Ramzy Baroud*
- Estrategia para la Liberación de Palestina – *FPLP*
- Orientalismo – *Edward Said*
- El Derecho a Mutilar – *Jasbir K. Puar*

Ficción Palestina:

- Amaneceres en Jenin – *Susan Abulhawa*
- Contra un Mundo sin Amor – *Susan Abulhawa*
- Hombres en el Sol – *Ghassan Khanafani*
- Un Detalle Menor – *Adania Shibli*
- The Stone House – *Yara Hawari*

DOCUMENTAIS

- Children of Shatila - *Mai Masri*
- Tell Your Tale, Little Bird - *Arab Loutfi*
- Leila Khaled: The Orange Tree - *Rola Mansour*
- Cinco Cámaras Rotas - *Emad Burnat y Guy Davidi*
- La Batalla de Argel - *Gillo Pontecorvo*
- “If you continue the struggle, you will be free” – entrevista con Leila Khaled

Bibliografía

HISTORIA

Colonial Mental Health Models Won't Heal Palestinian Trauma – *Jeanine Hourani*, 2022
El Día de la Nakba No Comenzó ni Terminó en 1948 – *Mohsen Khalif*, 2017
La 'Naksa': Cómo ocupó Israel toda Palestina en 1967 – *Zena Tahhan*, 2018
The first Intifada Against israel – *Al Jazeera*, 2023
Psychiatry and the Palestinian Population – *Ibrahim Murad and Harvey Gordon*, 2018
What Were the Oslo Accords Between israel and the Palestinians? – *Al Jazeera*, 2023
Second Intifada – *Makan.org.uk*
What is Gaza Strip, the Besieged Palestinian Enclave Under israeli Assault? – *Al Jazeera*, 2023

VIOLENCIA MÉDICA E PSIQUIÁTRICA EN PALESTINA

How israeli Prison Doctors Assist in the Torture of Palestinian Detainees – *Kanav Kathuria*, 2024
Hallucination Pills, Electroshocks: Gaza Survivors Speak of israeli Torture – *TRTWORLD*, 2023
Barras de hierro, descargas eléctricas, perros y quemaduras de cigarrillos: cómo se tortura a los palestinos en detención israelí – *Ahmed Aziz, Lubna Masarwa y Simon Hooper*, 2024
Red Política de Al-Shabaka

ASASINAR OU MUTILAR: LISIADO MASIVO DE PALESTINES POR ISRAEL

Amnesty Calls for Arrest of israelis for War Crimes – *Chris McGreal*, 2002
Scores of Amputations in Gaza as israeli Troops Aim at Legs – *Al Jazeera*, 2008
Gaza: israeli Attacks, Blockade Devastating for People with Disabilities – *HRW*, 2023
israeli Court Acquits Officer of Killing Autistic Palestinian Man – *Al Jazeera*, 2023
Palestine is Disabled – *Leah Lakshmi Piepzna-Samarasinha*, 2024

UNHA CRÍTICA AO MARCO OCCIDENTAL DOS DEREITOS HUMANOS

Healing Trauma Through Resistance: Beyond Colonial Mental Health Models in Palestine – *The New Arab*, 2022

CONVERTINDO A LINGUAXE DA SAÚDE MENTAL NUN ARMA

A Psychologist Gives 5 Tips to Escape the israel-Palestinian Echo Chamber – *Mark Travers*, 2023
Building Peace with Psychedelics: Here's What Happened When Palestinians and israelis Took Ayahuasca Together – *Thomas Buonomo and Leor Roseman*, 2022

A AUTO-INMOLACIÓN DE AARON BUSHNELL

Palestinian Resistance Tributes to Martyr, Aaron Bushnell – *Hamas, FPLP, via Resistance News Network*, 2024

Suicide Vs Genocide Rest in Power Aaron Bushnell – *Belén Fernández*, 2024
Página web de la Rachel Corrie Foundation

LAZOS ISRAELÍ CON INSTITUCIONES PSIQUIÁTRICAS

American Psychiatric Association Statement on Terrorist Attacks in israel, 2023
Campaña solidaria con Palestina “Tell Kings College London to end their links with israeli apartheid”
Página web de la Wolfson Foundation
Página web del Bethlem Museum of the Mind

BOICOT A TEVA

Teva Pharmaceutical Industries, Who Profits Research Centre, 2012
Youth Front for Palestine and their Boycott Teva campaign

O MOVIMENTO POLA ABOLIÇÃO DA PSIQUIATRIA CHAMA Á SOLIDARIEDADE INCONDICIONAL COA RESISTENCIA PALESTINA

Una autobiografía – *Assata Shakur*, 1973
El Día de la Nakba No Comenzó ni Terminó en 1948 – *Mohsen Khalif*, 2017
Los Condenados de la Tierra – *Frantz Fanon* (altamente recomendado)
'I Think the Word Is Dignity' - Rachel Corrie's Letters from Gaza – *Zinnedproject.org*, 2003
'Beheaded Babie' - How UK Media Reported israel's Fake News as Fact – *Hamza Yusuf*, 2024



@cpabolition | linktr.ee/cpabolition

@distripolaris | distripolaris.noblogs.org